

HISTORIA DA NENA QUE SÍ QUIXO MEDRAR
(Lectura mítico-simbólica de *Humidosas* de Emma Couceiro)

*Demos tantas voltas para chegar aquí
e debullar humidosas
que só quedamos nós e as nosas preguntas.*

Emma Couceiro deseña en *Humidosas*¹ -poemario co que gañou o Premio Espiral Maior de Poesía en 1996- un mundo claustrofóbico e opresivo onde o eu poético sente ameazada a súa supervivencia pola acción de forzas malignas. A opresión artéllase simbolicamente arredor da casa, centro no cal despregan todo o seu poder as forzas negativas e onde fica confinado un individuo que, desvalido perante a dureza vital que se lle impón, naufraga na humidade que flúe do predio. Pronto descubrirá o ser que este ámbito é ficticio, irreal, produto dunha mente enfermiza que o concibe a el mesmo como un boneco de trapo sen vontade:

*Vivimos nunha casa de mentira.
Somos de trapo no seu ventre disecado,
trapecistas
ensaiano un futuro malabar.*

*Respira e dilata túneles,
cárcere rítmica de paredes e portas
que doe atravesar como bocas desertas para o silencio.*

Os cuartos pechados da casa tórnanse aínda máis opresivos polo feito de reinar neles unha humidade que se vai expandendo polas paredes e os solos ó tempo que establece fronteiras infranqueables que illan ó ser. A casa é unha lagoa corrupta por canto a auga que nela agroma non ten significados de vida senón de morte xa que procede das profundidades máis escuras e aterradoras. Nas súas estancias campan as humidosas que, con vontade expansiva propia, inician unha colonización lenta e demorada conformando arredor do eu poético un círculo que o encarcera e oprime. Confinado neste espacio letárxico, o ser arríscase a ficar eternamente nun estado sonámbulo, perdido na irrealidade do que o rodea e sen vontade propia para saír del. Do mesmo xeito en que a manada ataca á presa rodeándoa ata afogala na súa presenza invasiva, o individuo sofre a progresión abafante e continua das humidosas:

*Xusto ao redor
do que ía ser o meu corpo deitado,
medraron humidosas encollidas contra a pel.
Nin esta nin outra máis
como unha dama,
xa só descunchando liñas*

¹ Espiral Maior, A Coruña, 1997

*de memoria
e daquela tamén coa lingua axeonllada na boca.*

Estes líquidos escuros que agroman na casa nacen da vontade duns seres estraños: as *encerradoras* que, desde o seu propio nome, desempeñan unha función claustrofóbica e negativa. As encerradoras, como entes amorfos que son, adoptan distintas apariencias para impoñer ó eu poético o engado mortífero do seu veneno e a prisión dunha tea irrompible de mentiras. Atacan directamente a consciencia que o ser ten do real e así, destruindo os nexos de unión coa realidade verídica, tentan sumilo nun marasmo de falsidades que lle rouba tempo de vida, tanto pasada como futura, ancorándoo nun presente inútil:

*As cerradoras
omitían cada vez máis tempo
un tempo falso na memoria.
Durmían baixo cunchas pigmentadas de ceo
de amor pechadas.*

*Eran esperadoras
como quen agarda sempre sempre
unha cor na que naufraga.
(...)
afundidas nun círculo de danzas
nun século de portas*

*practicamente
pintadoras de silencios.*

Opostos á negatividade das encerradoras, os *agardadores* abren unha regandixa de esperanza para o eu. Entidades alleas á casa, seres do camiño, esperan- nesa ruta que debe percorrer todo aquel que medra e abandona o latente estadio infantil- a que a voz se libere. Os agardadores non teñen poder para actuar directamente contra as encerradoras pois, ademais de pertenceren a outro ámbito, posúen unha natureza pasiva que os impele a esperar a que sexa o propio ser quen fuxa da casa. O eu debe así romper os lazos que o atan cunha determinación semellante á da eiruga que, envolta no casulo, gañará o dereito ás súas ás de bolboreta rasgando coas exiguas forzas o novelo que a illa do mundo. Só deste xeito poderá unirse ós agardadores e percorrer o camiño:

*Quero irme
que lamento cousas
sen agardar que as recollan
só deixalas lonxe
lamentadas
levando demasiada voz até o pasado.
Vexo camiño cheo de agardadores por min*

*recheo de agardadores pacientes por min
agardadores serenos en ollos e corpo.*

Nas figuras de encerradoras e agardadores temos explícita a dicotomía axial da obra que debuxa dous mundos contrapostos e inconexos: o das encerradoras - nais, mulleres, femias-, seres que gobernan a casa e desenvolven unha actividade encamiñada a lograr que o eu sucumba no seu engado e desista de saír ó mundo; e o dos agardadores -pais, homes, machos-, entes do camiño, pasivos á hora de axudar ó eu poético a liberarse da opresión. O feminino e o masculino resúmense en dous ámbitos antagónicos que reflecten as vivencias tan diferentes de maternidade e paternidade e así, fronte á opresiva aperta da nai, está o sostén liberador do pai. No medio de ambas as forzas deambula o eu poético-nena convertido nunha boneca inerte:

*Os nenos son bonecos,
eu tamén;
sen esforzo, concentrados,

durmimos...*

Aínda é posible ler esta dicotomía en clave de viaxe iniciática cara á vida adulta dun ser que xa saíu -el mesmo o sabe- do estadio infantil. Ulises, símbolo arquetípico desta odisea, ten no eu poético un *alter ego* que, consciente de que a casa xa non é quen de abarcar a desmesura do seu tamaño actual, expresa o convencemento íntimo de ser a hora de partir cara a unha nova etapa na súa vida. Sen embargo, as encerradoras empéñanse en negar estas mudanzas e queren reter ó fillo a salvo no seu ventre, na casa-útero, ennovelándoo nun estado onírico falso onde o tempo perde as súas dimensións. Para isto dilúen as portas da casa mediante humidosas, efluvios amnióticos que xa perderon o seu poder protector e nutricio para representar os rastros doutras presencias, doutros nenos engulidos pola nai devoradora:

*Como medraron
comigo
teñen vida propia que afogan máis vivas
(...)
Son como outras nenas;
aprendín a xogar con elas
(...)
Custoume noites de tellados
espiando as súas formas,
ocupaban espacio e, cos anos,
medrarían desmesuradas repetindo
nunca.*

Mentres o eu poético-Ulises se empeña en amosar a súa disposición e preparación para a viaxe -fortalecéndose a sí mesmo a base de repetir a verdade dos

seus cambios físicos-, as encerradoras-sereas utilizan contra el unha natureza feminina que todo o entraña, interiorizándoo nesa placentaria casa húmida. Pero esta *nena* amosa a súa rebeldía e contrapón a esa infancia falsa trazos psicolóxicos inherentes ós adultos como o sentimento de dor:

*É a túa nena
e vaia esnaquizándose
porque vaia fitando entre o cabelo mollado
a súa doorosa humidade
sen ceo.
(...)
É a túa nena
un conxunto de xigantes mergullados na túa boca
reamarrando a lingua
para un silencio de mentira
e pernicioso pel.*

Enfurecidas pola resistencia deste ser que se aferra á súa propia verdade, as encerradoras ensaian novas artes para dobregalo e inocularlle, nun último intento, o virus do Complexo de Peter Pan. Contrariamente ó habitual -isto é, que sexa o neno quen se negue a medrar-, son as nais as que buscan impoñerlle un infantilismo irracional querendo extirpar do fillo o seu necesario desexo de emancipación. O eu poético repítese, como Wendy no conto, que xa abandonou a infancia e mora nun lugar inadecuado -pois, parafraseando o subtítulo de J.M. Barrie, esta é a "historia da nena que sí quixo medrar"²- pero as encerradoras empéñanse, non só en seguir chamándoa nena senón en tratala como tal dentro dunha casa de mentiras onde os elementos infantís están presentes:

*Este mundo
quedou fóra do que agora se derruba,
aínda que me pintes o cuarto
de ceo
porque é triste
por máis que me chames nena*

Os agardadores-Penélope esperan, con paciente fidelidade, o comezo da súa singradura común co eu poético e opoñen ós círculos de húmidas a rectitude do camiño. A maternidade das encerradoras é opresiva no xeito en que a nai se aferra ó novo ser coutándolle a súa evolución natural e obrigándoo a habitar unha casa deseñada a imaxe do claustro materno. Porén, a paternidade dos agardadores é liberadora pois o pai acompaña sen que a súa protección sexa coercitiva e ofrece ó ser o camiño aberto, sen trabas. De aí a necesidade de que o eu poético escape da casa materna, antes de ficar anulado como individuo, para acadar a súa realización

² Barrie, J. M.: *Peter Pan y Wendy (La historia del niño que no quiso crecer)*, Editorial Juventud, Barcelona, 1994.

O eu poético mergúllase voluntariamente nun onirismo lúcido que vai dirixindo cara ós seus fins. É este abrirse ó mundo dos soños un xeito de auto-coñecemento pois, lonxe de ir nunha dirección vacua, explora o abandono definitivo da infancia e as vías de saída da casa. Búscase resolver o enigma que abra as súas portas, a palabra capaz de derrubar os muros, mentres se ispe definitivamente dos escasos atributos infantís que aínda conservaba e recupera a forza do talismán que posúen os nenos, da súa protección fronte ós lacerantes ataques das humidosas, a fantasía:

*E soñarei
que quero deixar entre as miñas cousas,
os meus recordos,
de cando eu era bailarina
e disfrazada bailando tiña un traxe de fariña e porcelana vella
e unha cinta de verdade co nó xusto enriba do embigo.
Enlazada ao ritmo xusto no centro do corpo.*

Alí medroume a fantasía

silenciosa.

Ata o final non teremos un indicio claro da victoria do eu poético. Aínda deambulando polos cuartos da casa pero fóra xa da habitación máis húmida, o ser afirmase fronte ó mundo nun berro de liberdade que nos recorda a saída de Wendy do País de Nunca Xamais. A nena é unha muller que asume unha pel nova capaz de acollela perfectamente despois das estreiteces desa casa-infancia que xa non era adecuada. A boneca abriu os ollos e saíu do novelo conservando a forza onírica da fantasía para saudar, agora sí, a chegada de setembro que representa, simbolicamente, a etapa vital da súa madurez:

*Xa non compartimos
a habitación máis húmida da noite
nesta casa de mentira*

*pero temos o mesmo espacio de soños
que pisa os moromos sanguentos do medo*

*temos centro
e saudamos setembro fermosas*

tan nenas

que a vida non volve a asustarme.

TERESA SEARA

Festa da Palabra silenciada, 14, 1998, pp. 99-103.